


Recomendacións febreiro 2024




23 febreiro: día de Rosalía

A figura de Rosalía de Castro é o mito máis relevante e universal da Galicia moderna, icona política, nacionalista, social, feminista, non ten máis lectura obxectiva que a dos seus textos, a súa verdadeira realidade. O presente volume recolle unha antoloxía da súa obra poética, preparada por Anxo Angueira.

A Rosalía feminista dálle voz á moza, á violada, á solteira, á vella, á nai obrigada a deixar o fillo só, ás mulleres confinadas entre o amor romántico e unha idea estreita de familia. Avisa dos perigos do gaiteiro da festa, do emigrante que non ha volver, da violencia do poder, defende a xustiza pola man e crea a viúva de vivo: esa muller soa, sen rostro, sen amor e tamén sen amo que decide deixar de agardar.

Un xornalista, un policía e varios asasinatos que aparecen acompañados de versos de Rosalía de Castro. Que pode ter que ver a poesía rosaliana con estes crimes? A quen se lle podería ocorrer tal cousa?


Recomendacións febreiro 2024



Tres vellos e tres mozas: amores, traizóns, intereses... en tempos do Entroido. Este clásico de Castelao resiste ben o paso do tempo e mostra o seu dominio da plástica, que combina aspectos tradicionais con outros máis vangardistas do teatro europeo.



Carla organiza a vida arredor do amor, do seu amor, do amor co que vive, co que soña, o que lle falta. O amor aprendido nas películas rosa, nas cancións melódicas, nas novelas cursis. Pero que acontece cando ese amor un día colle a porta e marcha? E se ademais un cadáver aparece na casa? Unha novela de amor contra o amor. Porque amor é unha palabra coma outra calquera. Ou non.



Dende Safo a Mary Jean Chan, gran cantidade de poetas compuxeron ó longo do tempo versos que daban conta de diversas identidades e orientacións sexuais. Nesta escolma os poemas manteñen unha relación fluída e natural entre si e dialogan coa mocidade de hoxe.



Bibliotecas
escolares
de Galicia

